

o prazo de exposición pública sin que se presentasen reclamacións, queda automaticamente elevado a definitivo o citado acordo plenario provisional, e faise público o texto íntegro do regulamento, en cumprimento do artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

REGULAMENTO DO SERVIZO PÚBLICO DE LUDOTECA DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS

ARTIGO 1. OBXECTO

O presente Regulamento ten por obxecto a regulación básica de funcionamento do servizo público de ludoteca do Concello de Ponte Caldelas.

ARTIGO 2. TITULARIDADE DO SERVIZO E FORMA DE XESTIÓN

O Servizo público de ludoteca é de titularidade municipal, sen prexuízo da forma de xestión que se aprobe polo Concello, mediante calquera das formas previstas en dereito.

ARTIGO 3. DEFINICIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE LUDOTECA

A ludoteca concíbese coma un servizo público municipal definido como aquel establecemento diurno de actividade regular dirixido á poboación infantil, que ten por obxecto potenciar o xurdimento dunha actividade lúdica favorecedora do desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial do neno/a.

ARTIGO 4. OBXECTIVOS

Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social dos nenos/as nun entorno lúdico.

- Axudar ao neno a desenvolver a súa imaxinación e creatividade mediante o xogo.
- Favorecer a comunicación, traballo en equipo e respecto mutuo.
- Potenciar a convivencia nun clima de respecto mutuo.
- Detección precoz de conductas inadecuadas (agresividade, illamento, retraso de maduración, marxinação,...) desenvolvendo estratexias para reconducilas e modificalas adecuadamente.
- Orientar aos pais ante as demandas que estos presenten sobre aspectos pedagóxicos e educativos.

ARTIGO 5. USUARIOS

Serán nenos/as desde tres anos cumpridos no momento de realizarse a inscrición ata 12 anos.

Todos os nenos/as deberán estar empadroados no Concello de Ponte Caldelas.

ARTIGO 6. PERSOAL

O servizo de ludoteca municipal contará cun equipo de profesionais con formación ou experiencia profesional no eido da educación ou da socioanimación infantil e xuvenil, de conformidade cos requisitos de titulación esixidos polo Decreto 52/2003 ou calquera outra normativa posterior que a modifique ou substitúa.

ARTIGO 7. FUNCÍONS DO LUDOTECARIO

De organización:

- Recepción de novos usuarios: Inscricións, información e orientación.
- Control de asistencia, matriculacións, altas e baixas.
- Formación e actualización dun Rexistro de Usuarios.
- Elaboración de inventarios, clasificación e calificación.

Educativos:

- Planificación das actividades.
- Facilitar a comunicación interpersoal.
- Promoción da participación.
- Estimulación da creatividade dentro do grupo.
- Detección das necesidades educativas especiais.
- Animador e inductor dun clima distendido e agradable.
- Fomento da integración social, da solidariedade e do respecto á diversidade.

De animación:

- Deseño e desenvolvemento de actividades de animación socio cultural.
- Creación, organización, realización de programas e actividades lúdicas colectivas.
- Realizando de proxectos, programación de traballo e avaliación dos resultados, innovando as intervencións.

De coordinación e información:

- Coordinación coa rede de servizos sociais municipais.
- Atención, orientación e asesoramento aos pais.
- Análise crítico de xoguetes, xogos e material lúdico.
- Avaliación das actividades.
- Elaboración de Informes e memorias.
- Información e promoción do servizo de ludoteca.

ARTIGO 8. PRAZAS E RÉXIME DE ADMISIÓN

— Nº de prazas.

O servizo Público de Ludoteca oferta un total de cincuenta e cinco prazas, cincuenta (50) de acceso libre e cinco (5) reservadas para nenos/as derivados polos Servizos Sociais do Concello.

— Solicitude de inscrición.

Os pais ou tutores dos nenos/as interesados en asistir á ludoteca presentarán a solicitude de inscrición no Centro destinado á prestación do servizo de ludoteca, en horario de prestación do servizo.

Na solicitude de inscrición farase constar á quenda correspondente:

— Quenda período escolar (de 1 de setembro a 30 de xuño)

— Quenda estival (1 de xullo a 31 de agosto):

— Turno de mañá.

— Turno de serán.

Xunto á solicitude aportarase a seguinte documentación:

— Fotocopia do DNI do pai/nai ou tutor legal do neno/a.

— Fotocopia da tarxeta sanitaria do neno/a.

— Xustificante de estar empadroado no Concello de Ponte Caldelas.

A tramitación das inscricións e matrículas nunha ou outra quenda tramitarase de xeito independente.

— Criterios de adxudicación.

As prazas da ludoteca adxudicaranse de acordo cos seguintes criterios:

a) Prazas de acceso xeral: 50 prazas

— En primeiro lugar os nenos con reserva de praza (matriculados do ano anterior)

— A continuación darase preferencia aos nenos/as que teñan algún irmán matriculado na Ludoteca.

— As restantes prazas adxudicáranse por orde de achega da solicitude.

b) Prazas reservadas:

Se reservan cinco prazas para nenos derivados polos membros do Equipo de Servizos Sociais do Concello, previo informe emitido ao efecto. Na adxudicación das referidas prazas atenderase, en primeiro lugar aos criterios e preferencias establecidos polos Servizos Sociais do Concello, en segundo lugar atenderase á orde de achega das solicitudes.

— Matrícula.

Unha vez notificada ou publicada a lista dos nenos/as que obtiveran praza, para a formalización da inscrición e dentro do prazo indicado, aportarase a seguinte documentación:

— Informe médico no que faga constar que o menor non padece enfermidade infecto – contaxiosa ou calquera outra enfermidade.

— Cartilla de vacinacións, ou no seu defecto informe médico.

— Dúas fotografía tamaño carnet.

A non formalización da inscrición no período marcado entenderase como renuncia da praza, e avisarase ao seguinte na lista de espera.

— Lista de espera

Os nenos que están na lista de espera cubrirán as vacantes por orde de achega da solicitude, exceptuando os casos de irmáns matriculados no centro, en cuio caso daraselles preferencia.

Calquera interesado poderá presentar solicitude de inscrición, incluso unha vez cubertas as prazas a efectos da súa inclusión na lista de espera. Os nenos menores de tres anos poderán anotarse na lista de espera, sempre e cando non falte máis de tres meses para cumprir a referida idade.

— Supostos especiais.

Será posible compartir unha mesma praza entre irmáns.

No suposto de que as prazas reservadas derivadas polos Servizos Sociais, non sexan cubertas na súa totalidade procederase á cobertura provisional por nenos incluídos na lista de espera de acceso xeral, mentres non se proceda á cobertura na forma regulamentaria. No caso de posterior solicitude da praza por un neno derivado polos Servizos Sociais, cesará a cobertura provisional o primeiro día do mes seguinte á notificación polos encargados do Servizo, procedendo a reincorporación do neno na lista de espera.

— Período de adaptación.

Se establece un período de adaptación e observación de funcionamento en grupo, durante os quince primeiros días de asistencia á ludoteca.

En caso de que os nenos non logren adaptarse á dinámica grupal da ludoteca, o equipo educativo, previa consulta aos Servizos Sociais municipais, suxeriralle aos seus familiares outros servizos onde pudiera adaptarse de forma máis positiva ou establecer un programa individual.

— Reserva de praza

A formalización da matrícula nun ano durante o período escolar implica reserva de praza para a quenda correspondente nos sucesivos períodos, sempre e cando se proceda a abono da cota regulada na Ordenanza correspondente, sen prexuízo de baixa por calquera das causas previstas no artigo trece do presente Regulamento.

ARTIGO 9. COTA

A cuota a abonar en concepto do disfrute do Servizo de Ludoteca rexirase pola correspondente Ordenanza reguladora do Prezo Público do Servizo.

ARTIGO 10. HORARIO

A ludoteca permanecerá aberta durante o período escolar catro horas ao día (de luns a venres) en horario de tarde de 16:30 ás 20:30 horas.

O horario aplicable durante as vacacións estivais e do Nadal condicionarase a demanda do servizo e á idade dos nenos/as.

Do horario a aplicar durante o período estival, modificacións do horario en período escolar, pontes, e festivos darase publicidade a través de inserción de anuncios no taboleiro da Ludoteca coa antelación suficiente.

As saídas e excursións serán comunicadas cunha antelación mínima de quince días no taboleiro.

A ludoteca permanecerá pechada os fines de semana, festivos, Semana Cultural da Festa dos Dolores, 24 de decembro, tarde do 31 de decembro e 5 de xaneiro.

ARTIGO 11. FUNCIONAMENTO

O Servizo de ludoteca comprende o desenrolo do seguinte tipo de actividades:

- Xogo libre: No Xogo Libre a actividade lúdica realizarase espontánea e libremente.
- Actividades ordinarias: Existirá unha programación para os tempos de xogo que contemplará distintos tipos de actividades: pintura, animación á lectura, xogos organizados ou en grupo, servizo de merenda,....
- Actividades extraordinarias: todas aquelas actividades que rompen coa dinámica habitual da ludoteca, como poden ser saídas lúdicas, visitas culturais, concursos, teatro, celebración de festas....

Atendendo en todo caso á educación para a paz e cooperación, educación en perspectiva da igualdade de xénero, educación para a saúde e preservación do medio ambiente como aspectos fundamentais na educación e formación do neno que abarcarán todas as actividades lúdicas.

A ludoteca tamén poderá programar actividades dirixidas aos pais que poderán ser formativas, informativas ou participativas.

Para o desenrolo das actividades, a ludoteca poderá contar con apoio de persoal becario, voluntario ou en prácticas.

A efectos do desenrolo das actividades propias do Servizo, dividirase aos nenos en grupos atendendo á demanda do servizo e idades dos usuarios.

ARTIGO 12. EQUIPAMENTO, XOGOS E XOGUETES

O equipamento, xogos e xoguetes deberán cumprir en todo caso a lexislación sobre seguridade en áreas de xogo infantil e xoguetes.

Non está contemplado o préstamo de xoguetes.

ARTIGO 13. CAUSAS DE BAIXA

- Incumprimento do requisito da idade regulamentaria para a permanencia na ludoteca. A estes efectos a data de baixa será a de finalización do curso.
- Solicitude de baixa por parte dos pais ou tutores que deberá ser comunicada cunha antelación de dez días antes da finalización do mes.
- Faltas inxustificadas de máis de 15 días ao mes.
- Demora por parazo superior a 30 días no pagamento de dúas cuotas consecutivas do prezo público correspondente ou catro alternas.
- Supostos de baixa por sanción nos casos de comisión de falta moi grave.

*ARTIGO 14. DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS**DEREITOS:*

- Facer uso da Ludoteca disfrutando do seus bens e servizos en réxime de igualdade.
- Solicitar e obter información das actividades e programas.
- Manifestar as súas inquedanzas e propostas.
- Recibir un trato respetuoso por parte dos responsables do Servizo.

DEBERES:

- Manter en todo momento un trato respetuoso hacia os responsables do Servizo, animadores e compañeiros.
- Coidar das instalacións e material ao que accedan para o desenvolvemento das actividades.
- Cumplir co Regulamento do Servizo de Ludoteca.

*ARTIGO 15. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**INFRACCIÓNS*

Considerase infracción o incumprimento total ou parcial das obrigas establecidas no presente Regulamento.

Consideranse infraccións leves:

- Non mostrar a debida dilixencia na utilización das instalacións e material.

- Non atender as indicacións e ordes dadas polos responsables do Servizo.

Son Infraccións graves:

- A reiteración na comisión de infraccións leves.
- Non manter o debido respecto ao resto dos usuarios.
- Non manter o debido respecto ao persoal encargado do servizo.
- Causar dano de forma intencionada nas instalacións ou material da ludoteca.
- Alterar o orde e impedir o adecuado desenvolvemento das actividades.

Infraccións moi graves:

- A comisión reiterada de infraccións graves.

SANCIÓNS

As infraccións leves poderán ser sancionadas coa expulsión da ludoteca por prazo de tres días.

As infraccións graves serán sancionadas coa expulsión da ludoteca por prazo de quince días a un mes en función da gravidade da conducta debidamente apreciada polos profesionais encargados do servizo. En caso de danos materiais causados de xeito intencionado unirase á expulsión a sanción de pagamento de multa en contía equivalente aos danos causados no material ou instalacións.

As infraccións moi graves serán sancionadas coa expulsión definitiva da ludoteca, sen posibilidade de matriculación ou inclusión na lista de espera ata transcurridos tres anos desde a data da expulsión, engadíndose a sanción de multa prevista no parágrafo anterior en caso de danos materiais.

ARTIGO 16. NORMAS DE CONVIVENCIA

a) De carácter xeral:

- Os nenos serán acompañados á entrada da ludoteca e ali mesmo serán recollidos polos pais. Non se entregarán os nenos a persoas descoñecidas salvo previo aviso por parte dos pais.
- Os pais deberán recoller aos nenos puntualmente.
- Deberanse respectar os horarios de entrada e saída establecidos.
- Non se permite traer xoguetes de casa.
- Diariamente os nenos deberán traer cada súa botella de auga, e a súa merenda aqueles que o desexen.

b) Aspectos sanitarios

- Os nenos non deberán asistir ao centro se presentan síntomas de enfermidade tales como febre, diarrea, pediculose (piollos) ou calquera enfermidade infecto contaxiosa.

- Non se administrarán medicamentos no centro, salvo casos excepcionais e baixo prescripción médica.

- No caso de que os nenos presenten síntomas de enfermidade durante a súa estancia no centro avisarase aos pais para que na medida das posibilidades, o recollan o máis axiña posible.

- En caso de accidente ou febre moi alta o neno será trasladado ao centro sanitario máis próximo comunicandoo á familia.

- É necesario coidar a hixiene persoal dos nenos.

- Non se admitirán nenos con cueiro (pañal) salvo prescripción médica.

ARTIGO 17. NORMAS DE RÉXIME INTERNO

De conformidade co disposto no presente Regulamento e demais normativa aplicable, o persoal encargado do Servizo, poderá establecer as normas de funcionamento interno que estimen pertinentes para unha mellor prestación do servizo.

De dita normativa darase traslado ao Sr. Alcalde ou Concelleiro encargado dos Servizos Sociais, e publicidade mediante inserción de anuncio no taboleiro de anuncios do centro e calquera outro medio que se estime pertinente.

DISPOSICIÓN FINAL

Este Regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello e publicado íntegramente no B.O.P, sempre e cando transcurra o prazo sinalado polo art. 65.2 por remisión do 70.2 da Lei 7/1985.

Contra o presente Acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da publicación deste anuncio.

Ponte Caldelas, 15 de novembro de 2007.—O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños. **2007011477**

* * *

SANXENXO

A N U N C I O

De conformidade co disposto no artigo 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común, faise pública notificación da resolución sancionadora, de data do 19 de novembro de 2007, recaída no expediente nº 07.149-O, incoada a D^a. Irene Díaz Cabana, co último enderezo coñecido no Camiño das Gaivoteiras, nº 2 – Baltar (Portonovo), por canto, intentada a notificación